

Martes, 7 de setembro de 2021

Núm. 172

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAMA, A

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Resolución de Alcaldía núm. 2021-0518 do Concello de A Lama pola que se aproba definitivamente o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais

Logo de aprobar definitivamente o expediente de aprobación do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais, publícase o mesmo por 15 días hábiles para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á súa vez, o Plan estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://concellodalama.sedelectronica.es>].

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:56EVEN5T3QGRQUOAL

